



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Historia e Cultura de Galicia	Código	613G02029	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web	http://www.udc.es/filo			
Descrición xeral	Descrición e análise da evolución histórica da Galiza e dos trazos básicos da súa cultura.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer os cambios e permanencias que se producen na Galiza contemporánea	A19	B5 B8	
Coñecer as metodoloxías adecuadas para a elaboración de traballos	A11	B1 B3 B5 B6 B7 B9	C3 C6
Aprender a expor oralmente e por escrito	A4 A10 A29	B4	C1
Tomar consciencia da necesidade de aprendizaxe continua		B3 B5 B7	C3 C6
Fomentar, a través do coñecemento, un mellor exercicio da cidadanía		B8	C4 C6 C7
Coñecer as fontes de información para a Historia da Galiza	A10 A16 A19 A27 A28	B1	C3
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual	A2		
Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas		B2	
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional		B10	

Contidos



Temas	Subtemas
1. O medio físico e a estrutura poboacional	1.1. Xeografía descritiva do país galego. 1.2. Distribución espacial do hábitat urbano e rural.
2. A cultura galega "tradicional".	2.1. O mundo agrario e mariñeiro e as súas culturas características. 2.2. Industrialización e medio urbano.
3. Galicia pre-romana e romanización.	3.1. Celtismo e anti-celtismo. 3.2. A romanización como agente revelador da riqueza cultural propia.
4. A Galiza feudal.	4.1. O proceso de formación do feudalismo. 4.2. O Reino da Galiza 4.3. Consolidación e apoxeu fo feudalismo: a época de Xelmires.
5. O fin dos tempos medievais	5.1. A crise dos séculos XIV-XV. 5.2. A revolta irmandiña. 5.3. A "doma e castración" do Reino da Galiza.
6. Os "Séculos Escuros"; o Antigo Regime na Galiza.	6.1. Demografía e sociedade. 6.2. Economía agraria, tentativas industrializadoras e conflitos sociais. 6.3. O cadro institucional. 6.4. Ilustración galega e esplendor barroco.
7. Crise do Antigo Rexime e estancamento socio-económico: a Galiza do século XIX.	7.1. Inercias agrarias e desindustrialización. 7.2. Unha poboación emigrante e una sociedade esencialmente rural e mariñeira. 7.3. A construción do Estado liberal. 7.4. Movimentos sociais, correntes e organizacións políticas. 7.5. A formación de unha consciencia propia: do provincialismo ao "Rexurdimento" e o Rexionalismo.
8. A Galiza do século XX: transformacións estruturais e cambio político.	8.1. Evolución da poboación. 8.2. A modernización do tecido socio-económico. 8.3. Os movementos sociais. 8.4. II República, Ditadura Franquista e Transición Democrática.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A11 A19 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 C1 C3	2	30	32
Recensión bibliográfica	A2 A11 B1 B3 B5 B6 B7 C1	0	9	9
Lecturas	A27 A28 B1 B2 B3 B5 B6 B8 B9	0	30	30
Análise de fontes documentais	A4 A10 A11 A16 A29 B2	0	10	10
Proba obxectiva	A19 B1 B3 B5 B7 C1	2	0	2
Aprendizaxe colaborativa	A2 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C4 C6	4	0	4
Sesión maxistral	B1 B5 B6 B7 B8 C7	16	0	16
Discusión dirixida	B1 B3 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C4 C6	4.5	2	6.5
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías



Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Consiste nun traballo individual por conta do alumno relacionado con algún tema do programa, realizado a partir da consulta de bibliografía e/ou fontes documentais e orientado conforme a pautas dadas polo profesor. Poderá ser exposto na aula.
Recensión bibliográfica	Reseña dun libro ou artigo indicado polo profesor.
Lecturas	Lectura a cargo do alumno de monografías e máis material bibliográfico seleccionado e recomendado polo profesor. Tais lecturas estarán relacionadas preferencialmente coa materia do temario.
Análise de fontes documentais	Consulta por parte do alumno de fontes históricas de base documental coa finalidade de o iniciar no manexo das mesmas.
Proba obxectiva	Consiste nunha proba escrita sobre os contidos estudados no curso.
Aprendizaxe colaborativa	Debate en grupo sobre cuestións colocadas polo profesor. Non precisa de lectura previa de materiais en horas non presenciais. Deberán participar todos os alumnos sen excepción, o que implica a asistencia obrigatoria ás aulas interactivas. Os alumnos en situación de dispensa académica realizarán esta actividade no gabinete do profesor, debatendo ou dialogando con el segundo cronograma previamente combinado.
Sesión maxistral	Exposición por conta do profesor de cuestións basilares relacionadas co temario.
Discusión dirixida	Debate na aula na base de materiais previamente distribuídos polo profesor e lidos polo alumno en horas non presenciais. O profesor orientará o debate. Deberán participar todos os alumnos sen excepción, o que implica a asistencia obrigatoria ás aulas interactivas. Os alumnos en situación de dispensa académica realizarán esta actividade no gabinete do profesor, debatendo ou dialogando con ele segundo cronograma previamente combinado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Discusión dirixida Proba obxectiva	<p>Nos traballos tutelados, o profesor informará sobre a metodoloxía a empregar, dará unha orientación bibliográfica xeral que será completada polo alumno a través dun traballo de prospección, e fará un seguimento do traballo. A tal fin, marcará un cronograma de comparecencias periódicas do alumno para ser cumprido obrigatoriedade por este.</p> <p>Na proba obxectiva, o profesor deberá resolver as dúbidas que poda levantar a formulación das preguntas e, en xeral, esclarecer calquera cuestión relativa à materia obxecto de exame. Tamén deberá aclarar a modalidade de exame a realizar e a correspondente valorización das preguntas.</p> <p>No caso da discusión dirixida, haberá que seleccionar o tema a debate. Os alumnos deberán preparalo a partir da bibliografía recomendada e caberá ao profesor fixar as pautas metodolóxicas precisas para encaminhar a discusión.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A11 A19 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 C1 C3	Serán valorizados o rigor analítico exhibido, a claridade da exposición por escrito (e, no seu caso, tamén oral se for exposto na aula) e o axeitamento da metodoloxía ao traballo de pesquisa realizado.	30
Discusión dirixida	B1 B3 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C4 C6	Valorizarase a capacidade de argumentar e contrastar a opinión propia coa dos compañeiros da aula. Toda opinión deberá estar debidamente fundamentada, non emitida á toa.	15
Recensión bibliográfica	A2 A11 B1 B3 B5 B6 B7 C1	Será obxecto de estimación a capacidade analítica, de comprensión e de síntese a respecto do material a recensar, ben como a claridade expositiva do discurso.	10
Proba obxectiva	A19 B1 B3 B5 B7 C1	Será avaliada a exposición realizada polo alumno consonte a criterios de articulación da exposición e adecuación ás cuestións formuladas.	40



Aprendizaxe colaborativa	A2 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C4 C6	Apreciarase de modo especial a capacidade para traballar en grupo e a receptividade das argumentacións dos demais.	5
--------------------------	--------------------------------------	--	---

Observacións avaliación

1. Serán avaliados os alumnos/as que asistiren á proba obxectiva e tiveren presentado a recensión e máis o traballo tutelado. Onde non, serán considerados como non presentados.
2. Será requisito imprescindible para aprobar a disciplina, superar a proba obxectiva. Caso da suma das cualificacións do conxunto das actividades ultrapasar os cinco puntos sen se teren alcanzado un mínimo de dous na proba obxectiva, farase constar como cualificación final 4.9 implicando un suspenso na materia.
3. As faltas de ortografía (grallas) e/ou incorreccións léxico-gramaticais poderán ser motivo de suspenso automático cando muito graves e reiteradas. En calquera caso suporán unha diminución da nota.
4. Os alumnos/as en situación de dispensa académica ou matrícula a tempo parcial deberán realizar os mesmos traballos e probas que os estudantes suxeitos á matrícula ordinaria, conforme ás variantes para eles establecidas no apartado de metodoloxías.
5. Na "segunda oportunidade" de xullo e sucesivas (incluída a anticipada de decembro) serán avaliadas unicamente aquelas metodoloxías que non tiveren sido superadas na primeira oportunidade, conservándose para as restantes metodoloxías as cualificacións obtidas en xuño.
6. Todos os alumnos/as matriculados na materia (inclusive os que a tiverem pendente de cursos anteriores) deberán entregar obrigatoriamente unha ficha con foto actualizada. Sen ela non serán admitidos para a proba obxectiva nen lles serán corrixidos a recensión e mais o traballo tutelado.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Barbosa Álvares, J. M. (2008). Atlas histórico da Galiza. Barcelona
- Calo Lourido, F. (1996). Xentes do mar. Traballos, tradicións e costumes. Vigo, A Nosa Terra
- Constenla Bergueiro, g. e Domínguez Castro, I. (eds.) (2002). Tempo de sermos. Galicia nos séculos contemporáneos. Vigo, UVI
- Saavedra, P. (1992). A vida cotiá en Galicia, 1550-1850. Santiago, USC
- Villares, R. (2004). Historia de Galicia. Vigo, Galaxia
- VV.AA. (1990). Textos e materiais para a Historia de Galicia. Barcelona, Crítica
- VV.AA. (1991). Historia de Galicia. Vigo, A Nosa Terra
- VV.AA. (1998). Atlas histórico de Galicia. Vigo, Nigra Tea



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Alonso Álvarez, I. (1977). Industrialización y conflictos sociales en la Galicia del Antigo Régimen. Madrid, Akal - Andrade Cernadas, J. M. (1995). Monxes e mosteiros na Galicia medieval. Santiago, USC, Bibl. de divulgación - Barreiro Fernández, X. R. (1982). Liberais y absolutistas en Galicia. Vigo, Xerais - Barros, C. (1988). A mentalidade xusticieirados irmandiños. Vigo, Xerais - Beramendi, J.G.-Núñez Seixas, M. (1990). O Nacionalismo Galego. Vigo, a Nosa Terra - Cabo Vilaverde, M. (1998). O Agrarismo. Vigo, a Nosa terra - Carmona, X. y Nadal, J. (2005). El empeño industrial de Galicia. 250 años de historia, 1750-2000. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza - Castiñeiras, M. A. (1995). Os traballos e os días na Galicia medieval. Santiago, USC, Biblioteca de divulgación - Do Pico, F. (1978). A Ilustración e a sociedade galega. Vigo, Galaxia - Fernández Casanova, Carmen (coord.) (1998). Historia da pesca en Galicia. Santiago, USC, Biblioteca de divulgación - Fernández Prieto, L. (ed.) (2001). Tera e Progreso. Vigo, Xerais - López Carreira, A. (1987). A revolución irmandiña. Ourense, Galiza Editora-ASPG - López Carreira, A. (1999). A cidade medieval galega. Vigo, A Nosa Terra - López Carreira, A. (2005). O reino medieval de Galicia. contribución á súa historia política. Vigo, A Nosa Terra - Máiz Vázquez, B. (1989). Galicia na II República e baixo o franquismo. Vigo, Xerais - Pereira, D. (coord.) (1992). Os conquistadores modernos. Movemento obreiro na Galicia de anteguerra. Vigo, A Nosa Terra - Presedo Garazo, A. (1997). Os devanceiros dos pazos. Economía e estratexias socioais da pequena fidalguía rural na Galicia interior (séculos XVI-XVIII). Santiago, sotelo Blanco - Proxecto: As Vítimas, As Voces, Os Nomes e os Lugares (). Nomesevoces.net. - Velasco Souto, C. F. (1995). Agitacións campesinas na Galiza do século XIX.. Santiago, Laiovento - Velasco Souto, C. F. (2000). Galiza na II República. Vigo, A Nosa terra - Velasco Souto (2006). 1936 Represión e alzamento militar en Galiza. Vigo, A Nosa Terra - Villares, R. (1982). Foros, frades e fidalgos. Vigo, Xerais
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua Galega e Comunicación Oral/613G02021

Lingua Portuguesa 1/613G02022

Lingua Galega e Sociedade/613G02025

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Literatura Galega/613G02012

Literatura Medieval Galego-Portuguesa/613G02023

Literatura Portuguesa 1/613G02026

Lingua Portuguesa 2/613G02035

Materias que continúan o temario

Observacións

O profesor recomenda utilizar o horario de atendimento (titorias) para resolver calquera problema ou esclarecer dúbidas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías